



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
(Escusa asistencia)	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO D. DAVID BROCOS VIEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (22/06/2022)

Intervén dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, para mostrar o seu desacordo en como se recolleu a súa opinión en relación á orde das persoas na acta do pleno. Non afirmou que fora un micromachismo, só cuestionou se podería ser ou non, xa que ao mellor era un simple erro. Pódese entender da redacción da acta que está acusando a alguén de machista e ela non afirmou iso.

Tamén intervén dona Yolanda Vieiro, do BNG, para aclarar que cando se refería a que as comunicacións políticas e non políticas se arquiven no arquivo histórico, obviamente refírese ás que sexan derivadas de asociacións do concello de Vedra.

Feitas as modificacións, apróbase por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual núm. 7 do PXOM: modificación de solo de núcleo rural para a creación de solo dotacional en San Fins de Sales.

Mediante providencia da Alcaldía de data 14/12/2021, manifestouse a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de Xaneiro de 2007 (DOG número 30 do 12/02/07) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG número 99 do 24/05/07), denominada “MODIFICACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL PARA A CREACIÓN DE SOLO DOTACIONAL EN SAN FINS DE SALES” – CÓDIGO BÁSICO 15089_MP07PXOM_202207_AI, nos termos da documentación técnica redactada por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto. (Expediente núm.: 2022/U032/000001).



Considerando que a modificación puntual proposta axústase ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Logo de remitido o proxecto ao órgano ambiental competente que se pronunciou resolvendo a non necesidade de someter a modificación puntual obxecto do expediente a avaliación ambiental estratéxica, a través do anuncio polo que se formula o Informe Ambiental Estratéxico da mencionada modificación puntual (publicado no DOG número 47 de data 09/03/2022), (expediente 2021AAE2636).

Realizada a tramitación legalmente establecida, solicitados os informes sectoriais previos á aprobación inicial, visto o contido dos informes de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, e á vista do disposto, entre outras, nos artigos 60 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello denominada “MODIFICACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL PARA A CREACIÓN DE SOLO DOTACIONAL EN SAN FINS DE SALES” – CÓDIGO BÁSICO 15089_MP07PXOM_202207_AI, nos termos da documentación técnica, redactada por Fermín González Blanco en calidade de arquitecto (Expediente núm.: 2022/U032/000001).

2º.- Abrir un período de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Taboleiro de Edictos do concello, no DOG e en un dos xornais de maior difusión da provincia. Durante o mencionado período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten, de se-lo caso, as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de modificación, polo prazo máximo de dous anos.

4º.- Dar traslado de toda a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo que realizará as consultas previas no documento de alcance do estudo ambiental (de se-lo caso), dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos. Ao mesmo tempo o concello solicitará os informes sectoriais que lle correspondan.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, entende que é o procedemento que teñen que seguir para modificar esa cualificación do solo e están a favor. Non obstante, viu o proxecto cunhas determinadas cifras e pregunta se esas cifras se van modificar ou non, porque se falaba de dous millóns e medio de euros aproximadamente e que o reparto de cargas sería de medio millón Boqueixón, medio millón Vedra e un millón e medio a Xunta, o que sería un 60 % do proxecto. Sendo Vedra o que achega unha finca, cre que debería ser por iso en valor. Non está de acordo co reparto de cargas, se finalmente conceden esta subvención.

En todo caso, a Presidencia dixo que ía convocar unha xunta de voceiros e espera poder tratar estes temas na mesma, e espera que o grupo de goberno se abra a falar o que lle propón o PSdeG-PSOE.

A Presidencia matiza que falar de números nas actuais circunstancias é aventurarse moito. Cando se falou dese proxecto e dese reparto estaban pensando en que a Xunta achegase un millón e medio e o outro millón a repartir entre Vedra e Boqueixón.

Agora mesmo entran moitas variables: a concesión ou non da subvención, o importe da mesma, cando se concederá, a subida dos materiais de construción, etcétera. Iso todo é materia para falar e debater na comisión intermunicipal que existe ao efecto.

A idea era ter unha reunión no mes de xullo pero non foi posible. Espera convocala en setembro e pensa que é o foro idóneo para falar e debater sobre o tema.



O Sr. Brocos Vieiro, do BNG, cre que van con retraso porque hai tres anos que se presentou isto e a dotación do solo podía xa estar feita desde aquela e a obra podería estar case comezada e aforrábanse cartos porque o prezo dos materiais é agora máis alto. Ademais, un dos obxectivos era que estivera rematado nesta lexislatura e non vai suceder.

A Presidencia di que o prazo temporal non é ese, non é de hai tres anos.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que a moción presentárase antes da pandemia. Espera que no 2023 se lle dea un gran empurrón e comecen a traballar xa en serio nese proxecto para que estea rematado o antes posible.

A Presidencia di que, primeiro, sempre traballan en serio e máis en proxectos tan importantes e transversais para os dous concellos; e segundo, a seriedade demostrase no acordo ao que chegaron todos os grupos políticos dos dous concellos respecto a este proxecto. Cre que os prazos son amplos para realizar o proxecto.

Esta modificación non era indispensable para sacar o proxecto adiante, pero si que dende o servizo de urbanismo da Xunta recomendaron facelo.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á visita do Delegado do Goberno ao concello, un dos temas que se lle expuxo foi o de seguridade da poboación de Vedra en canto á Garda Civil, patrullas, etcétera, e dentro disto o tema do control de tráfico nas pistas interiores do concello.

Tamén se lle solicitou o mantemento da N-525 ao seu paso polo concello, o reforzo do persoal en ADIF para axilizar os procedementos porque é unha tortura tramitar un permiso con ADIF. Así mesmo, mostróuselle o interese do concello por mercar algunha das casas da estación de Santa Cruz para convertelas en vivendas de acollida controladas polos Servizos Sociais municipais.

Tamén se lle comentaron cuestións que expuxo o persoal do concello. Con isto da pandemia sucedeu algo curioso, que ten que ver coa actitude persoal de certos funcionarios, pero por exemplo, o persoal municipal protesta moito en relación ao persoal do SEPE e da Seguridade Social, que en vez de asumir as súas responsabilidades atendendo á xente, derivan todo aos concellos.

Respecto a Servizos Sociais, solicitóuselle axilizar o máximo posible o trámite dos ingresos mínimos vitais e o aumento da achega do Estado á dependencia.

Dende hai tempo, existen solicitudes cada quince días de información de tesourería, intervención, secretaría, etcétera, polo que certos funcionarios municipais pasan a metade do tempo traballando para o Estado en vez de para o concello. Di que se hai que facelo o máis lóxico e que doten partidas orzamentarias para mandar máis persoal administrativo que axude a facer eses traballos.

Por certo, manteñen contacto permanente coa Delegación do Goberno para tratar as problemáticas que poidan xurdir.

2º.- Sobre a reunión que mantiveron coa Deputación dando cumprimento ao acordo da moción presentada polo BNG sobre a seguridade viaria das estradas, a Presidencia di que en relación a Vedra e San Xián aínda non o chamaron para ver as solucións que propoñen.

En relación a San Miguel, dinlle que non vai ser factible a expropiación de ningún ben inmovible. Está pendente de ter unha reunión cos técnicos da Xunta para ver a solución técnica a ese cruce.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



3º.- Sobre as obras no antigo Pazo de Galegos xa está contestada.

4º.- En canto ao plan de residuos, di que lle contestará en setembro. Van convocar unha xunta de voceiros para tratar ese tema en exclusiva.

5º.- Sobre a falta de médicos no centro de saúde, é un comentario.

6º.- Respecto a se é verdade que se amortiza unha das catro prazas de correos que hai en Vedra, di que non ten noticias diso. Hai tres prazas con persoal fixo e queda unha que aínda está sen dotar con persoal fixo. É a información que lle transmitiu o xefe de zona de correos.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre cando se instalou a caldeira do CEIP Ortigueira, di que foi a finais do 2019.

2º.- Respecto ao toldo na ludoteca para protexer aos usuarios do sol di que é un rogo e xa está feito.

3º.- Sobre se as familias que non poidan pagar o servizo de ludoteca se deran de baixa no censo de Vedra, se iso non sería malo para as arcas municipais, di que baixar o censo sempre é malo para as arcas municipais.

4º.- Respecto a que se vai facer co servizo do centro de saúde cando estea en obras, contesta que primeiro dependerá do tipo de obras que se realicen. Imaxina que o propio plan do Sergas establecerá como prestar o servizo. Entende que se intentará compatibilizar na medida do posible as obras e a prestación do servizo.

5º.- Sobre os arranxos na Escola Infantil Municipal no mes de agosto, a Presidencia contesta que o problema é que un mes só non chegaba e había que ter en conta as posibles incidencias (climatolóxicas, subministración de materiais, etcétera). Houbo unha reunión entre concello, escola infantil e empresa construtora, e considerouse que a mellor opción era que a un de setembro as obras estiveran rematadas e por iso comezaron antes. Había certas actuacións que se tiñan que facer ou en sábados ou no mes de agosto porque eran incompatibles co coidado dos nenos. É moi probable que se remate totalmente a obra no mes de agosto.

6º.- Respecto ao custe da piscina para os usuarios, di que é un comentario.

7º.- Sobre o servizo de limpeza, di que non houbo nestes meses cambios no servizo de limpeza.

8º.- Respecto aos gastos que xeraron as clausuras das actividades extraescolares dos nenos, adultos e da animación e desenvolvemento comunitario das persoas maiores, a Presidencia di que queda para setembro porque non tivo tempo de consultar a información.

9º.- Sobre o programa “Tardes lúdicas do verán”, a Presidencia di que, a risco de equivocarse, a motivación é que este ano se volveu á plena normalidade nas actividades municipais e parroquiais. As tardes lúdicas era un programa pensado para suplir a falta de actividades durante a pandemia.

10º.- Respecto ao plan de comunidade enerxética, di que oxalá vexa pronto a luz.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o arquivar as comunicacións políticas e non políticas se arquiven no arquivo histórico, di que toman nota.



2º.- Respecto a se é verdade que se lle indicou aos propietarios do polígono, que se non queren poñer a súa achega para as obras, teñen que vender os dereitos, a Presidencia di que nunca dixo nada diso a ninguén. O único que se lle expuxo aos propietarios da cooperativa e dos terreos é que teñen obrigas e dereitos. Entre as obrigas está a de pagar os custe do desenvolvemento urbanístico dese polígono, e que se un non paga o que fai o concello é reclamarlle o pago. Outra cuestión é que haxa xente que si está interesada en vender; e se alguén quere comprar eles venden.

Hai propietarios que transmitiron que queren vender ou ben os dereitos que teñen na cooperativa ou ben a propiedade que posúen.

3º.- Sobre cantas empresas están a utilizar actualmente o viveiro dixital municipal, a Presidencia di que actualmente existen dezanove coworkers e quince proxectos, dos cales once son individuais e catro están formados por dous coworkers cada un. Actualmente hai oito coworkers presenciais e once virtuais.

4º.- Respecto á posta en funcionamento do SIX, di que está con iso e están vendo como o sacan adiante. O informe que conteña as licenzas que lle concedeu o concello a todas esas novas empresas relacionadas cos viñedos queda pendente para setembro.

5º.- Sobre a finalización das obras na antiga escola de San Mamede, di que é un rogo do que toman nota.

6º.- Respecto á planificación da pavimentación de pistas, di que é un rogo do que toman nota e que van elaborar un plan director das pistas municipais nos próximos meses.

7º.- Sobre os actos do colectivo LGBTIQ+, a Presidencia di que se colocou a bandeira, fíxose algún acto e evidentemente todo é mellorable e espera de cara ao ano que vén avanzar e mellorar nesas cuestións.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Brocos Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a por que o concello de Vedra non participa no Festival Atlántica, a Presidencia contesta que non se valorou participar este ano e toman nota de cara aos próximos anos.

2º.- Sobre por que o concello de Vedra non participa no programa Apego, di que lle contesta en setembro.

3º.- Respecto á fibra óptica, di que xa están facendo presión. Agora comezaron a desbloquearse algúns dos puntos que estaban bloqueados e espera que nos próximos meses se acaben solucionando. Roga que se coñece algún caso que llo comunique.

4º.- Sobre cal é o certificado que posúe a máquina de asfalto, di que xa está contestado en plenos anteriores.

4º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita que no mes de setembro informe na sesión plenaria da situación do expediente de expropiación forzosa do espazo público en San Xián.

2º.- Segue sen funcionar correctamente o streaming porque está mal colgado o enlace e solicite que o cambien.



3º.- Respecto á obra de saneamento en Quintáns que se adjudicou a principios de xuño, tiña un prazo de execución de tres meses e asinouse o contrato a mediados de xuño, aínda non apareceu ninguén por alí. Pregunta cando vai comezar.

A Presidencia di que non ten ningunha noticia de que non vaian comezar. Supón que a empresa ten a súa propia programación e que cumprirá os prazos e comezará nas próximas semanas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que igual agora a empresa non a pode asumir porque era unha baixa temeraria.

4º.- Sobre a resposta que deu da reunión do Delegado do Goberno, non coñecía as dificultades que expuxeron os traballadores municipais. Supón que terá feito unha análise de porque pasa iso.

Respecto á lentitude de ADIF, pola falta de persoal, nos últimos anos do goberno de Rajoy a limitación que impuxeron para a renovación de prazas agora vese a falla de persoal na administración en todos os estamentos. Espera que se vaia solucionando.

Con respecto ao que dixo sobre o SEPE, e non é a primeira vez que o escoita, sorpréndelle que haxa funcionarios que falen mal doutros funcionarios. O SEPE tivo que tramitar tres millóns e medio de ERTES e a pandemia foi unha carga de traballo extra para moitos funcionarios. Eses informes que solicitan serán debidos a que se amplían os controis sobre a xestión.

Di que se fai falta persoal, non sabe se o concello llo ten que pedir ao Estado ou se o concello ten que sacar unha praza e reclamarlle máis fondos a quen sexa, Estado, Xunta, etcétera. Que ela saiba a Presidencia non pediu nada diso.

Todas esas dificultades soluciónanse con máis persoal e máis cartos, pero tamén asumindo todos que a situación foi a que foi e que houbo moitos profesionais cunha sobrecarga de traballo.

Intervén a Presidencia para matizar que cando fala de Estado, dálle igual quen sexa o partido político.

O concello ten moita carga burocrática, o que se queixa é de que sexa o concello quen lle teña que facer o traballo a outras administracións.

Intervén o Secretario para dicir que ás veces na administración do Estado hai moitos niveis e ao mellor contesta que non debía contestar e despois rebota no concello.

A voceira socialista pregunta se cometen o erro unha e outra vez.

O Sr. Secretario di que el non está para debater se a administración do Estado é boa ou mala. Sucede que ás veces chama da Xunta un auxiliar administrativo solicitando unhas cousas e hai que dicirlle que iso non é competencia municipal, que debe falar co seu superior administrativo. As veces acoden cidadáns á Xunta ou a outra administración calquera, na que lle dan unha información errónea e vén rebotado ao concello. É máis fácil armar lea no concello que na Xunta, e resulta que non é unha cuestión do concello.

Normalmente o persoal do concello sabe un pouco de todo, porque está en moitas cousas á vez, pero nas administracións grandes están máis especializadas e se saen do seu tema, non controlan de administración local e entón é cando rebota no concello.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que lamenta esas dificultades que se expoñen para sacar o traballo adiante cada día. Dille á Presidencia que á Xunta de Galicia non lle sabe pedir; pídlle ao Delegado do Goberno, por exemplo, que lle dea máis cartos para o SAF, pero nunha moción que presentou o partido socialista respecto do SAF, negouse a pedirillo á Xunta de Galicia. Non pide por igual.

Cre que aproveitou para facer unha crítica global á xestión dun goberno e que a ela tócalle defendela.



-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- No punto 7 de rogos e preguntas no pleno anterior, gustaríalle matizar respecto ao cambio do servizo de limpeza, que indo á web municipal nos contratos menores do terceiro trimestre do 2020 hai un contrato menor de servizo de limpeza adxudicado á empresa Germania S.L. por diferentes servizos.

Nas últimas facturacións polo servizo de limpeza aparece Limpezas Faro, S.L. Pregunta onde está ese contrato menor con esa empresa.

A Presidencia contesta que houbo unha adxudicación pública dese servizo e non é un contrato menor.

2º.- Espera que sexan coñecedores das graves incidencias que ocorren este ano na piscina municipal, e non teñen que ver coa xestión da mesma por parte da empresa que a leva, porque é impecable.

Á actual piscina, segundo a empresa xestora, teñen que botarlle diariamente 20.000 litros de auga, porque os perde e moitos concellos comezan a facer restricións de auga. Mentres a piscina se enche, non funciona as duchas, non funcionan as cisternas dos inodoros. Hai dous anos fixéronse arranxos por valor de once mil euros.

Solicita que arranxen eses problemas de cara ao ano que vén.

3º.- Pregunta cantos dos cincuenta e sete usuarios da ludoteca de tarde para o vindeiro curso son usuarios de días soltos.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita que se arranxen as fochancas onde houbo as avarías da auga antes de que comece a chover.

2º.- Solicita que se limpe arredor dos postes e contedores polo menos unha vez ao ano.

3º.- Pregunta se non se pode mercar un cortacésped para a brigada verde e non ter a tres ou catro persoas rozando cando se podía facer ese traballo cunha soa persoa e aproveitar as restantes noutro traballo.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Está desconcertada pola ausencia do concelleiro de obras sabendo que está de vacacións un traballador con dedicación exclusiva e poñendo o grupo de goberno o pleno cando lle dá a gana. Entende que as persoas que non traballan no concello teñan problemas para asistir aos plenos, pero non entende que unha persoa que ten dedicación exclusiva se marche de vacacións cando hai pleno.

2º.- Solicita que cando unha persoa se achegue ao pleno, algo pouco habitual, para solicitar ou debater calquera tema, se reflecta na acta a súa intervención se poña na web municipal.

3º.- Sobre o catorce de xullo na páxina web “Son Vedra” había unha publicación sobre as vantaxes de bañarse no río, facendo referencia a Agro Novo. Son conscientes de que non se poden bañar alí porque iso non é unha praia fluvial. Que dende o propio concello se estea indicando iso cando non se pode facer é contraditorio. Se se quere que se bañe a xente haberá que acondicionar esa zona como praia fluvial, algo que xa se solicitou por parte do BNG hai tempo.



4º.- Estivo hai unhas semanas en Agro Novo e había moito lixo en bolsas, lixo tirado por todas as partes e aquilo daba algo de noxo. Solicita que se limpe con máis frecuencia esa área, ben sexa con voluntarios ou se contrate xente para facelo.

5º.- Dá lectura a unha publicación que lle fixeron chegar días pasados nas redes sociais: “Hoxe queremos contarvos a historia desta parella de cans perdidos e rescatados dos que demos aviso onte e que sufriron en primeira persoa desleixos e incompetencias do concello de Vedra.

Estes dous bull terrier, macho e femia, foron atopados na estrada Santiago-Ourense ao seu paso polo concello de Vedra por un home que enseguida se decatou de que estaban perdidos. Chamou ao 112 e indicáronlle que esperara, que enviaban á Garda Civil.

Pasado un tempo abondoso alí só apareceu un rapaz que se identificou como voluntario de Protección Civil e indicou que non dispoñía de lector de microchip, que o tiña o concelleiro e que polo tanto tería que levar os cans aos canís municipais para proceder á lectura.

O home que atopou os cans non quedou tranquilo e horas despois pasou polos canís municipais onde atopou a estes animais a pleno sol rodeados de excrementos sen comida e sen auga.

Preguntou e indicáronlle que aínda non puideron ler o microchip. El mesmo tivo que prestarlles un cacharro para a auga porque nin sequera había un bebedeiro. Este home, moi preocupado ante a pasividade e a falta de atención aos cans, preguntou se os podía levar ao refuxio de Bando e levounos el mesmo.”

Isto mesmo pasoullo ao concelleiro de obras e contestoulle: “en fin, sen comentarios”.

Isto fixolle recordar que non hai moitos anos, xusto antes de ser concelleira, pasoulle un caso a ela mesma no que chamou por uns can tamén extraviados un sábado pola mañá e dende o concello indicáraselle que non había ninguén para recoller o can ata o luns e que non lle dese de comer nin de beber.

Quere saber cal é a opinión do concello sobre este asunto, que están a facer cos animais, que fan a fin de semana con eses animais extraviados porque coas temperaturas que houbo e as que segundo indican vai haber, é triste non saber que pasa coas animais perdidos e extraviados.

A Presidencia responde que, en primeiro lugar, esa historia está totalmente terxiversada para facer dano a este concello. En segundo lugar, que xa se verán as accións que toma o concello ao respecto; e en terceiro lugar, contestarán a iso na sesión plenaria de setembro con informes.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e quince minutos.